



Concello de Baralla

CONCELLO DE BARALLA ANUNCIO

De conformidade co disposto na Resolución da Alcaldía de 31 de agosto de 2020, faise pública a convocatoria para a selección de persoal laboral temporal, **TRES (3) PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS** do Concello de Baralla, ao abeiro do programa de “Fomento do Emprego” (Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, da Deputación de Lugo).

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: no Rexistro do Concello de Baralla, en horario de 9 a 14 horas de luns a venres, ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015 de 1 de outubro.

Cando as solicitudes se presenten fóra do Rexistro do Concello, co fin de axilizar os trámites, deberán remitir comunicación por fax ao concello (982363221) ou ao correo electrónico: concellobaralla@concellobaralla.es, comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente, antes de rematar o prazo de presentación da solicitude.

O prazo de presentación será de 5 días hábiles contados dende a publicación do anuncio desta convocatoria na páxina web do Concello de Baralla www.concellobaralla.es

Requisitos: os establecidos nas bases da convocatoria.

Procedemento de selección: a realización dunha proba teórica tipo test e valoración de méritos, segundo o establecido nas bases que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na web do concello na seguinte dirección www.concellobaralla.es.

Baralla, 31 de agosto de 2020
O ALCALDE

Asdo. D. Miguel González Piñeiro

Concello de Baralla

Avda. Evaristo Correa Calderón, 58, Baralla. 27680 Lugo. Tfno. 982363303. Fax: 982363221

